

**PROGRAMA DE RECUPERACIÓN DE  
ALUMNOS CON MATERIAS  
PENDENTES**

**BIOLOXÍA E XEOLOXÍA 1º  
ESO**

Nome:.....

Curso:.....

Data:.....

**IES MONELOS – A CORUÑA**

## TEMA 1. O SER HUMANO NA TERRA

1. Que son as categorías taxonómicas? Nomea as categorías taxonómicas.
2. Define especie.
3. O ser humano é un animal bípedo, que significa "bípedo"?

Que vantaxes ten ser bípedo?

4. Cales foron os principais acontecementos que tiveron lugar no proceso de hominización?

5. Que vantaxes presenta o feito de que os humanos podamos falar?
6. Que é a prehistoria? Que dous grandes períodos abarca? Que é a historia?
7. Cales foron os principais problemas ambientais que xorden tras a Revolución Industrial?
8. Define: organismo autótrofo, organismo heterótrofo, pirámide trófica e recurso natural.

9. Que é a enerxía? Nomea algún tipos de enerxía.

10. Como utilizamos os seres vivos a enerxía que conteñen os nutrientes?

11. Que son os combustibles fósiles? En que consiste a combustión?

12. Que semellanzas presenta o proceso de combustión co proceso de respiración dos organismos?

13. Explica a relación entre o efecto invernadoiro e o cambio climático.

14. A que chamamos recursos enerxéticos renovables? Cales son? E os recursos potencialmente renovables?

15. Define pegada ecolóxica.

16. Que é o solo? Cales son as súas funcións? É un recurso renovable?

17. Define residuo.

18. Tipos de residuos.

19. Cales son as tres actividades básicas que debemos realizar para xestionar mellor os residuos?

20. A que denominamos desenvolvemento sostible?

## TEMA 2. A VIDA NA TERRA

1. Cales son as características da Terra que permitiron que se crease a vida e que garanten a súa continuidade?
2. Define: biosfera, atmosfera, hidrosfera e xeosfera.
3. Fai un esquema sobre a composición química dos seres vivos, diferenciando entre substancias inorgánicas e substancias orgánicas.
4. Cales son os principios da teoría celular?
5. Cales son as diferenzas entre as células procariotas e as células eucariotas?
6. Fai un debuxo dunha célula procariota, sinalando todos os seus compoñentes.
7. Fai un debuxo dunha célula eucariota, sinalando todos os seus compoñentes.
8. Que reino está constituído por células procariotas? Que reinos están constituídos por células eucariotas?
9. Explica a función de cada un dos compoñentes celulares.

Nome do compoñente	Función

10. Cales son os niveis de organización nos seres vivos? Pon exemplos de cada un deles.

11. Define as tres función vitais.

12. Diferencia entre reprodución asexual e reprodución sexual.

13. Cales son os factores abióticos? E os factores bióticos?

14. Define as seguintes relacións interespecíficas e pon exemplos de cada unha delas.

- Mutualismo

- Simbiose

- Comensalismo

- Competencia

- Depredación

- Parasitismo

15. Que é o solo? Cales son os seus compoñentes? Clasifícaos segundo correspondan á xeosfera, á hidrosfera, á atmosfera ou á biosfera.

16. Cita algunhas das adaptacións dos seres vivos ao medio terrestre, ao medio aéreo e ao medio acuático.

17. Define bioma. Nomea os principais biomas terrestres.

18. Explica o papel dos diferentes niveis tróficos: produtores, consumidores e descompoñedores.

19. Que é unha rede trófica? E unha pirámide trófica?

20. Que importancia teñen os fósiles para o coñecemento da historia da vida?

### TEMA 3. A CLASIFICACIÓN DOS SERES VIVOS (I)

1. Que son as categorías taxonómicas? En que categoría taxonómica hai máis seres vivos: no reino o una especie? Por que?

2. En que consiste a nomenclatura binomial? Ilustra a túa explicación cun exemplo.

3. Que características comparten os seres vivos dun mesmo reino? Baseándote nestas características, constrúe un cadro no que clasifiques os cinco reinos.

4. En que consiste a fotosíntese? Por que son tan importantes as plantas? Explícao.

5. Define: tropismo, nastia, semente, espora.

Tropismo:

Nastia:


Semente:

Espora:

6. Fai un debuxo dun brion e sinala as súas partes. Fai un debuxo dun fento e sinala as súas partes.



8. Identifica a estrutura representada no seguinte esquema e sinala os seus compoñentes.



7. Completa a seguinte táboa:

	Brions	Fentos	Ximnospermas	Anxiospermas
Sementes ou esporas				
Teñen raíz, talo e follas?				
Teñen flores?				
Teñen ou non fecundación?				
Teñen ou non froito?				

8. Cales son as principais características de cada un dos seguintes filos:

- poríferos:

- cnidarios:

- anélidos:

- moluscos:

- artrópodos:

- equinodermos:

Especie	Filo
miñoca	
anémona	
lagostino	
cempés	
araña	
Ourizo de mar	
bolboreta	
esponxa	
medusa	

9. Sinala e xustifica a que filo corresponde cada un dos seguintes animais: lombriga de terra, anémoma, lagostino, cempés, araña, ourizo de mar, bolboreta, esponxa e medusa.

10. Completa o seguinte esquema:

Molusco	Características	Esquema
Gasterópodos		

Bivalvos		
Cefalópodos		

11. Completa o seguinte esquema:

	MOLUSCOS	EQUINODERMOS
Tipo de simetría		
Tipo de esqueleto		
Tipo de alimentación		
Tipo de respiración		
Tipo de reproducción		

12. Completa o esquema coas características principais de cada unha das catro clases de Artrópodos:

	MIRIÁPODOS	CRUSTÁCEOS	ARÁCNIDOS	INSECTOS
CARACTERÍSTICAS				

13. Cales son as principais características de cada unha das seguintes clases de animais:  
- peixes

- anfibios

- réptiles

- aves

- mamíferos

14. Cales son as características fundamentais que distinguen os mamíferos do resto dos vertebrados?

15. Sinala e xustifica a que clase corresponde cada un dos seguintes animais: serpe, xílgaro, píntega, candorca, crocodilo, ra, reno, lagarta, tartaruga.

-serpe:

-Xílgaro:

-Píntega:

-Candorca:

-Crocodilo:

-Ra:

-Reno:

-Lagarta:

-Tartaruga:

16. Completa a seguinte táboa:

	Peixes	Anfibios	Réptiles	Aves	Mamíferos
Tipo de nutrición					
Presenza ou non de columna vertebral					
Regulación da súa temperatura					
Reproducción ou non por ovos					
Tipo de fecundación					

## TEMA 4. CLASIFICANDO OS ORGANISMOS VIVOS (II)

1. Semellanzas e diferenzas entre as células dos fungos e as células vexetais.
2. Semellanzas e diferenzas entre as células dos fungos e as células animais.
3. Cales son as características fundamentais do reino fungos?
4. Sinala exemplos de fungos unicelulares e de fungos pluricelulares.
5. Fai un debuxo dunha seta e sinala as súas partes.
6. Os fungos son heterótrofos, que tres tipos de fungos pode haber segundo o tipo de estratexia alimenticia que utilicen?
7. Como se reproducen os fungos?
8. Cales son as características fundamentais do reino protocistas?
9. Sinala as similitudes e as diferenzas entre as plantas e as algas e entre as algas e os protozoos.

10. Como podemos clasificar os protozoos segundo a súa mobilidade? Exemplos.

11. Como se nutren as algas? E os protozoos?

12. Como se reproducen as algas? E os protozoos?

13. Que é o plancto?

14. Cales son as características fundamentais do reino monera?

15. Fai un debuxo dunha célula procariota e sinala as súas partes.

16. Tipos de bacterias segundo a súa forma. Debúxaas.

17. Que quere dicir que unha bacteria é aerobia? E anaerobia?

18. Clasifica as bacterias segundo a súa forma de nutrición.

19. Explica a importancia que teñen os microorganismos no mantemento dos ecosistemas.

20. Pon exemplos de utilización dos microorganismos na industria farmacéutica, na cosmética e na industria alimentaria.

21. Sinala exemplos de microorganismos beneficiosos e de microorganismos que producen enfermidades.



## TEMA 5. APRENDEMOS A COÑECER O NOSO PLANETA, A TERRA

1. A Terra é considerada un sistema, define os elementos do sistema Terra:

- Xeosfera

- Atmosfera

- Biosfera

- Hidrosfera

2. Fai un debuxo no que representes as capas que constitúen a Terra.

3. Compara a codia oceánica e a codia continental.

4. Define mineral.

5. Que quere dicir que un mineral:

- é sólido

-é inorgánico

- é natural

- ten composición química

- ten estrutura cristalina

6. Define cada unha das seguintes propiedades físicas que se utilizan para identificar os minerais:

- forma:

- exfoliación:

- dureza

- cor

- brillo

- raia

- magnetismo

7. Que é unha rocha?

8. Completa a táboa:

Tipo de rocha	Orixe	Exemplos
MAGMÁTICAS		
METAMÓRFICAS		
SEDIMENTARIAS		

9. Debuxa un esquema do ciclo das rochas e identifica nel en que lugar se formarán as seguintes rochas: granito, lousa, calcaría e pumita.

10. Pode unha rocha sedimentaria dar lugar a unha rocha plutónica? Pode unha rocha plutónica dar lugar a unha rocha volcánica? Por que?

11. Que é o solo? Como se forma o solo?

12. Fai un debuxo no que representes as diferentes capas ou horizontes dun solo.

13. Define:  
- xacemento:

- mina:

- mena:

14. Indica exemplos de:  
- minerais de interese económico:

- rochas de interese económico:

15. Que é a hidrosfera?

16. Que funcións cumpre a auga nun ser vivo?

17. Explica cales son as propiedades da auga:

18. Que porcentaxe da auga da Terra é doce? Onde a atopamos?

19. Fai un esquema do ciclo da auga.

20. Diferencia claramente entre unha ETAP e unha EDAR.

21. Cales son os tres tipos de contación da auga? Cal é a súa orixe?

Que porcentaxe representa cada un?

22. Que é a atmosfera?

23. Fai un esquema no que representes a composición da atmosfera e a proporción na que aparece cada un dos gases.

24. Por que cambiou a composición da atmosfera coa aparición dos primeiros seres vivos?

25. Fai un debuxo no que representes as diferentes capas da atmosfera, o seu espesor e as súas características.

26. Que é a presión atmosférica? De que factores depende?

27. Define:

- precipitacións:

- vento:

- borrasca:

- anticiclón:

28. Compara os termos “tempo” e “clima”.

29. Se aumenta o efecto albedo da atmosfera, a temperatura da Terra, aumenta ou diminúe? E se aumenta o efecto invernadoiro?

30. Define e indica as causas e as consecuencias dos seguintes problemas atmosféricos:

- cambio climático:

- chuva ácida:

- destrución da capa de ozono:

## TEMA 6. O UNIVERSO

1. Define os seguintes conceptos:

- Planeta:

- Estrela:

- Galaxia:

- Universo:

- Nebulosa:

2. Clasifica os planetas do Sistema Solar en gasosos e terrestres. Que diferenzas existen entre eles?

3. En que se parecen e en que se diferencian un planeta e un planeta anano? Pon exemplos de cada tipo.

4. Define:

- Ano-luz:


- Unidade astronómica:

5. Completa a seguinte táboa con breves definicións dos seguintes corpos menores do Sistema Solar:

Satélite	Asteroide	Cometa	Estrela fugaz	Meteorito

6. Compara a teoría xeocéntrica e a teoría heliocéntrica.

7. Observa o seguinte debuxo e contesta:




Que é o movemento de rotación?

Que é o movemento de traslación?

Canto tempo tarda a Terra en dar unha volta sobre si mesma? E arredor do Sol?

8. Observando o seguinte debuxo, explica como se produce a sucesión regular das estacións ao longo do ano.



9. Define:

- latitude:

- lonxitude:

10. Que é o meridiano de Greenwich?

11. En que estación do ano os días son máis longos? E máis curtos?

12. Busca a definición de solsticio e equinoccio

13. Como cambia a inclinación dos raios solares ao longo do ano?

14. Sabendo que no inverno hai máis frío que no verán, en que estación do ano chegarán os raios máis perpendiculares? E máis inclinados? Por que?

15. A duración dos días e as noites varía ao longo do ano no Ecuador? E a inclinación coa que chegan os raios do Sol? Hai catro estacións no Ecuador? Explícao

16. Durante canto tempo non se pon o Sol nos meses de verán no polo Norte? E durante canto tempo non sae o Sol en inverno? Explica a razón.

17. A que chamamos fases da Lúa?

18. Que son as mareas? A que se deben?



19. Explica que é unha eclipse de Sol e fai un debuxo que a represente.

20. Explica que é unha eclipse de Lúa e fai un debuxo que a represente.